

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCE- LLO DE XINZO DE LIMIA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL

A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

A Consellería, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, determinará as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecemento de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

A Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, responsabilizarase de cantas accións teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como das actuacións en materia de modernización e creación de regadíos, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e





á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

Os plans anuais de infraestruturas rurais contemplan actuacións a través da sinatura de convenios con determinados concellos.

Dentro do **Plan de Infraestruturas Rurais 2023 (PIR 2023)**, está prevista a sinatura de **76** convenios de colaboración que terán a anualidade detallada no Anexo a esta memoria.

Antecedentes:

Os concellos solicitan á Consellería que se inclúa dentro dos seus proxectos de desenvolvemento e mellora das infraestruturas rurais a execución, á maior brevidade posible, pola necesidade urxente de actuación das obras de infraestrutura rural relacionadas no anexo a esta memoria.

Finalidade

Para os efectos sinalados, a Consellería ten previsto formalizar un convenio co concello de Xinzo de Limia e a Deputación Provincial de Ourense que terá por obxecto a execución por parte da Consellería do Medio Rural de obras de titularidade municipal e destinalas ao uso público, conforme ao seu correspondente proxecto de obra.

As obras consisten **na rexeneración do firme no camiño da Armada** no que, dadas as súas condicións de deterioro, o concello asinante considera prioritarias e urxentes. A súa finalidade é garantir a transitabilidade nunhas condicións aceptables de seguridade viaria e de uso.

O convenio terá unha vixencia que abrangue dende o día 1 de xaneiro de 2024 ata o remate das actuacións contempladas no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao concello de Xinzo de Limia e a formalización da acta de entrega, sen que poidan exceder do máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público.

A Consellería considera importante a execución destas obras, contribuíndo dentro das súas disposicións orzamentarias e das súas competencias, para a mellora da calidade de vida da poboación e da seguridade viaria no medio rural.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución dos obxectos referidos.

O convenio que se pretende asinar fundaméntanse no seguinte:

Encádrase dentro dun marco de actuacións en infraestruturas rurais financiadas con fondos propios solicitadas polos concellos para as que a Consellería do Medio





Rural accede a colaborar tanto no seu financiamento como na xestión da licitación e a execución das obras mediante a sinatura deste instrumento do convenio de colaboración..

As actuacións están diferenciadas respecto de outro tipo de actuacións en base á súa:

Urxencia: Obras na súa maior parte consideradas urxentes de mellora da seguridade, melloras necesarias e reparacións da capa de rodaxe.

Tipoloxía: Actuacións en pontes, núcleos de poboación, entre outros.

Titularidade: Teñen cabida actuacións supramunicipais, que afectan a varios concellos simultaneamente.

Financiamento

As obras obxecto deste convenio son cofinanciadas pola Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Ourense por un importe de **321.534,87 €**.

Por parte da Consellería do Medio Rural o financiamento será con fondos propios dos orzamentos de 2024 con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.551A.604.1 polo importe de **221.534,87 €**.

A Deputación de Ourense participará no financiamento desta actuación aportando a cantidade de **100.000,00 €**.

De conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, polo que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, este expediente financiarase con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2024, polo que a súa execución queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia do citado exercicio.

As partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas. Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.





Este Convenio teñen natureza administrativa e para a súa tramitación tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local e demais normas de dereito administrativo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Rural

Inés Santé Riveira

